

PREGUNTAS

1. ¿Que explicación nos pode dar de que nos teñamos que enterar pola prensa de que os terreos que tiña pensado cederlle Vostede a Xunta de Galicia para a construción dun novo edificio para a ampliación do Instituto Aquis Celenis non foi quen de conseguir a autorización de Aguas de Galicia? Tendo en conta que se trata dun investimento fundamental para o noso Pobo e que a Xunta de Galicia ten dotado no orzamento de Galicia en 1.400.000,00 euros ¿Cando pensaba poñelo en coñecemento dos grupos da oposición e convocar unha xunta de voceiros para acadar unha solución, a resolución de Augas de Galicia e de novembro de 2020? ¿Como é posible que a dirección do centro educativo teña que sacar unha nota de prensa e enviarlla a todos os pais e nais ante a inoperancia absoluta do seu equipo de goberno? Nos temos alternativas que xa estamos consultando ¿pensa Vostede escoitar e acadar consensos ou imos a perder este investimento? No único concello que pasan cousas así é en Caldas de Reis co seu goberno, sempre, sempre temos problemas cos terreos, Centro de Saúde (terreos sen ceder), Instituto, etc. estamos sempre igual, busca a desculpa nos demais, que se non existe partida orzamentaria nos orzamentos de Galicia, que se é un castigo por ter un goberno socialista, que si non existe vontade da Xunta de Galicia, etc, sempre desculpas de mal xestor, neste caso a propia Conselleira anterior veu o Instituto, comprometeuse persoalmente, temos partida orzamentaria, a Xunta de Galicia considera este investimento prioritario, é estamos sen facer nada dende novembro.

2. ¿Como nos pode explicar que remita unha carta a todos os veciños de Arcos da Condesa criticando un goberno da ELM de Arcos da Condesa lexítimo e elixido democraticamente, ameazando con que os veciños se dirixan directamente o Concello en lugar da primeira administración a que se deben dirixir, por facer Vostede sen proxecto, sen contratación, e, o que é mais grave, sen autorización de Patrimonio, obras de colocación duns tubos no Camiño Portugués en Arcos (algo que na lamentable carta que lle entregou os veciños di que fixeron os de mantemento do Camiño)? ¿Pódeme dicir se todas estas obras tiñan permiso do Concello e os permisos das outras administracións competentes? ¿Tamén me pode confirmar se a esa data da denuncia ante Patrimonio a persoa denunciante formaba parte do equipo de goberno?

3. ¿Como se pode explicar que o tenente-alcalde e deputado provincial do seu equipo de goberno saia nos medios informativos presentado o novo camión do lixo do concello de Portas mercado con fondos da Deputación de Pontevedra do Plan Concellos e o goberno municipal do que forma parte, este alugando, por unha cantidade mensual desproporcionada, os dos camiños do lixo do noso concello en lugar de mercalos?

4. ¿En que punto se atopa o saneamento do lugar da Igrexa en San Clemente que se iniciou fai 14 anos? ¿Cando pensan rematalo, posto que fai mais de 10 anos xa dixeron que o ían a rematar?

5. ¿Como está el convenio ca Consellería de Facenda da Xunta de Galicia para a cesión de uso a Medio Rural do local para as oficinas da Oficina Agraria Comarcal?

6. ¿Pensan Vostedes facer o parque infantil que prometeron para o lugar da Igrexa en San Clemente?

7. ¿Cando teñen pensado reparar o lavadoiro de Santa María a carón do río? Tanto na limpeza total como na reposición do tellado que está a caer?.

8. ¿Cando se vai impedir o aparcadoiro no "campo do Río" e se vai adecuar a zona? ¿Cando se vai reparar o firme do traxecto dende o concello ate o "campo do río" que está totalmente bacheando debido a circulación de vehículos cara a zona verde para aparcar?.

9. ¿Como nos pode explicar que os veciños de Segade de Arriba lles chegasen 23 liquidacións de 340,00 euros cada unha por apertura de gabia para conectarse o colector xeral de fecais cando no noso Concello por ese concepto só se levaban 14 liquidacións en total en todos os anos pasados, e nalgún caso que lle chegou nin sequera está conectado?

10. ¿Cando se van tomar medidas na Avenida Doña Urraca ao respecto da seguridade vieiro, con instalación de lombos, ou semáforos ou calquera elemento disuasorio da alta velocidade coa que circulan os vehículos e supón un perigo?

11. Cando se van reparar as beirarrúas da calle da Escola de música, nun estado lamentable dende fai máis de dez anos e que seguen se tomar medidas, nin se reparan, nin se fan novas (No 2012 dixo no pleno que pertencía á Deputación e que debido ao color político non se facía) Agora a Deputación é amiguiña?

12. ¿Como é posible que dende xaneiro de este ano estamos pagando o aluguer dunha terceira nave por parte do Concello de Caldas de Reis co informe negativo de intervención? ¿Onde está o contrato de aluguer de esa nave asinado entre as partes?

13. ¿Cando se van adoitar medidas de Seguridade vieiro ao respecto da calle da Escola de Música (dirección única), tamén na calle Ouvellas co alto tráfico que rexistra debido a que acceden á Escola infantil por ela? Reordenar o tráfico sería recomendable para evitar accidentes ou desgrazas que algún día van suceder. A alternativa sería calle Ouvellas con dirección única e saída ou entrada por Eirín. A calle Santa Marta, tamén debería ser sentido único pola afluencia da xente á igrexa de Santa María. Todo elo previo informe da Policía Local?.

14. Está moi ben sinalizar as calles con sinais de tráfico de prohibir circular a máis de 30 km. Pero ao non ter medios o concello (radares), sería recomendable acompañar esta medida con outras para a redución de velocidade. ¿Como se vai a verificar o cumprimento los límites?

15. ¿Hai algunha previsión de que no Concello teñamos fibra óptica na zona do casco urbano de Santa María?

ROGOS

1. Na pista municipal de Skate da Tafona vai a ocorrer unha desgracia, trátase dunha instalación para que utilicen os que practican esa disciplina deportiva e a pista é totalmente accesible para os nenos pequenos e resto de persoas que anda por alí, rogámoslle que tome as medidas para impedir que un skater atropele a algún neno.

2. Reiteramos, case catro meses despois de facelo por primeira vez, o rogo de que se proceda a limpeza da fonte pública de Outeiro e do seu entorno, posto que ademais de ser a fonte moi utilizada, o carón dela está instalado o apeadeiro dos rapaces que esperan o bus para o colexio, e está chea de maleza e sucidade.

3. Se retiren os paneis para propaganda electoral que levan sen sacarse moito máis tempo do desexable.

4. Urxe a reparación dos paneis informativos instalados por unha Asociación do noso Pobo e que non se fixo mantemento algún durante máis de 6 anos. É hora de que o Concello faga algo e os repare ou os manteña nun estado óptimo. Ademais disto, tamén pedimos que se repare, limpe e substitúan os elementos deteriorados no parque infantil de Eirín.

5. Se sinalicen os lugares das parroquias axeitadamente para que as empresas de mensaxeira poida atopar as vivendas.

6. Se esixa aos propietarios do Edificio sen rematar, lindeiro ca igrexa de Santa María, que pechen adecuadamente o baixo, ademais de limpar a zona da fachada norte que está chea de maleza e invade parte de Calle Santa Marta, así como que o Concello tape o enorme burato que quedou o carón da obra no lateral da Igrexa ca reposición do firme e a eliminación da vexetación. Esta zona é a entrada dos peregrinos no Pobo.